Universidade Vigo
Servizo de Xestión da Extensión Universitaria
Edificio Miralles
Campus Universitario s/n
36310 Vigo
España

Universidade de Vigo - Rexistro Xeral
Saída Nº 201800008830
25/05/18 09:39:03

RESOLUCIÓN REITORAL DO 25 DE MAIO DE 2018 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ORGANIZAR OS OBRADOIROS DE EXTENSION UNIVERSITARIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO CURSO 2018/2019

O Decreto 7/2010 de 14 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos desta Universidade (DOG DO 02 de febreiro) establece no seu artigo 2 que entre os seus fins prioritarios está *a difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida*. Así, no artigo 109 do devandito texto normativo establécese que *a universidade arbitrará os medios necesarios para potenciar o seu compromiso coa reflexión intelectual, a creación e a difusión da cultura, en especial a galega, e promoverá o achegamento das culturas humanística e científica e esforzarase por lle transmitir o coñecmento á sociedade mediante a divulgación da ciencia.*

Un dos instrumentos mais relevantes dos que dispón a Universidade de Vigo para desenvolver este mandato estatutario, xunto cos cursos de extensión universitaria, consiste no programa de obradoiros, xa que lles permite aos membros da comunidade universitaria promover e organizar accións formativas que, ademáis de servir do complemento á formación regrada, facilitan a transmisión de destrezas e habilidades desenvolvidas por estes ao noso contorno social, e contribúen decididamente a vincular á Universidade de Vigo coa sociedade en que se insire.

A diferenza dos cursos de extensión universitaria, os obradoiros pretenden desenvolver os ámbitos de formación que son de interese para amplos colectivos da comunidade universitaria e requiren unha formación continuada, sen formar parte dos plans de estudos, nin da oferta de créditos de optativos por actividades universitarias. Deste xeito preténdese contar, a medio prazo, con grupos capacitados en diversos ámbitos culturais que poidan representar a Universidade de Vigo en foros nacionais e internacionais.

En virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de universidades, esta reitoría **RESOLVE:**

1. Facer pública a convocatoria de axudas para a organización de obradoiros da Universidade de Vigo para o primeiro cuadrimestre do curso 2018/2019.

2. Ordenar a publicación da presente convocatoria, xunto coa súa normtiva correspondente, no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares e na páxina web https://www.uvigo.gal/campus/cultura/obradoiros-outros-cursos.

A axuda para organizar os obradoiros para o 1º cuadrimestre do curso 2018/2019 solicitarase no modelo oficial (Anexo I), e presentarase xunto coa documentación esixida nos rexistros oficiais da Universidade de Vigo ou en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas **ata o 15 de xuño de 2018, ás 14:00 horas. O modelo estará dispoñible na secretaría virtual.**

Edificio Miralles
Campus Universitario s/n
36310 Vigo
España

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 25 de maio de 2018
O reitor
Por delegación R.R. do 29/06/2017 (D.O.G. do 10 de xuño)
O vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais

Manuel José Fernández Iglesias

Dilixencia para facer constar que a presente resolución publícase no taboleiro de anuncios do Rexistro Xeral da Universidade de Vigo.
Vigo, 25 de maio de 2018
A xefa de Sección de Extensión Universitaria

Servizo de Xestión da Extensión Universitaria
Universidade Vigo

Mª Teresa Veloret Pena

Edificio Miralles
Campus Universitario s/n
36310 Vigo
España

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ORGANIZAR OS OBRADOIROS DE EXTENSION UNIVERSITARIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO CURSO 2018/2019

1. OBXECTO DOS OBRADOIROS

Desenvolver unha oferta formativa

a) de carácter práctico,
b) en áreas culturais e científicas con contidos diferentes dos que forman parte das materias curriculares das titulacións oficiais da Universidade de Vigo,
c) que permita xerar axentes culturais que incidan na universidade e na contorna.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Poderán solicitar a organización de obradoiros os membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo.

A persoa solicitante, en calidade de coordinador ou coordinadora do obradoiro proposto, deberá acreditar relación coa temática do obradoiro que solicita e impartir un mínimo do 20% das horas do obradoiro.

Unha mesma persoa só poderá presentar, en calidade de coordinador/a, unha solicitude. No caso de que presente máis dunha solicitude requeriráselle para que identifique cal delas debe terse por presentada.

3. CONDICIÓNS XERAIS

3.1. Características académicas dos obradoiros

a) Cada obradoiro deberá estruturarse nun programa que considere obxectivos, temática de que trata, métodos e recursos, así como un procedemento de avaliación do obradoiro que permita ver o grado de cumprimento dos obxectivos e introducir melloras no futuro.

b) O estudantado da Universidade de Vigo poderá validar os obradoiros por créditos ECTS por actividades universitarias culturais. O recoñecemento farase a razón de 1 crédito ECTS por cada 30 horas de traballo do alumnado.

c) O número de participantes previsto para un obradoiro non debe ser superior a 40, dado o carácter práctico destes, agás que estea xustificado e sexa aprobado pola Vicerreitoría competente.

d) Unha vez rematado o obradoiro, o/a coordinador/a elaborará unha memoria final, que deberá remitir, á Vicerreitoría correspondente, nun prazo de 10 días hábiles contados dende o remate do obradoiro.
Na memoria final deberase especificar o código e nome do obradoiro e será remitida, debidamente asinada, aos os seguintes correos electrónicos:
- Para a vicerreitoría de Extensión Universitaria: extensión@uvigo.es
- Para a vicerreitoría do Campus de Ourense: asc-ou@uvigo.es
- Para a vicerreitoría do Campus de Pontevedra: asc-po@uvigo.es

e) Corresponde ao/á coordinador/a do obradoiro establecer os contidos do programa, contactar e informar aos docentes, así como organizar o desenvolvemento do obradoiro, garantir o control de asistencia de cara a entrega de diplomas, articular o procedemento de avaliación do obradoiro, así como de cantas outras tarefas de xestión sexan precisas para o normal funcionamento do obradoiro.

3.2. Condicións de matrícula nos obradoiros

a) O importe da matrícula non superará os 6 € por hora de docencia presencial.

b) As persoas que poidan xustificar a súa pertenza á comunidade universitaria da Universidade de Vigo terán unha redución do 35 % sobre o prezo da matrícula.

c) A redución do 35 % sobre o prezo da matrícula poderá ser extensiva a outros colectivos (estudantes doutras universidades, persoas xubiladas ou desempregadas, persoal traballador de institucións e empresas colaboradoras etc.) no caso de subscribirse os oportunos convenios.

d) Devolverase o prezo da matrícula dos obradoiros, tras solicitalo a persoa interesada, cando concorra algunha destas causas:
- Cancelación do obradoiro ou modificación das datas de celebración, horario ou lugar.
- Formalización da matrícula unha vez completado o número de prazas do obradoiro.
- Comezo dunha relación laboral (mediante un contrato de traballo ou de alta na Seguridade Social).
- Maternidade (co correspondente certificado médico).
- Enfermidade, (co correspondente certificado médico).
- Aboamento dunha cantidade superior ao prezo do obradoiro como consecuencia de erros materiais ou de cálculo. Neste caso devolverase a diferenza aboada en exceso.

e) As solicitudes de devolución deberán tramitarse como data límite no prazo de dez días dende o comezo do obradoiro achegando a documentación xustificativa.
En caso de cancelación a persoa interesada deberá acceder a través da mesma plataforma de inscrición para introducir o número de conta no que se fará efectiva a devolución.
O enlace para a tramitación de devolucións é o mesmo que se utilizou para a inscrición https://culturxest.uvigo.es/WebCulturaUVigo/actividades/.

Edificio Miralles
Campus Universitario s/n
36310 Vigo
España

3.3. Financiamento dos obradoiros

As propostas de obradoiros incluirán o orzamento de ingresos e gastos. O orzamento total de gastos non poderá superar en ningún caso o orzamento de ingresos.

Os obradoiros financiaranse prioritariamente cos ingresos por matrícula ou financiamento externo. A estimación dos ingresos por matrícula farase utilizando a fórmula seguinte: 0,75 x núm. de estudantes previstos x 0,825 x prezo da matrícula completa.

Quen coordine o obradoiro levará a cabo todas as xestións necesarias para cobrar as subvencións externas á Universidade de Vigo.

Sempre que haxa dispoñibilidade orzamentaria, a contribución da Universidade de Vigo para organizar os obradoiros non superará os 1.250 euros, agás nos casos que, polas súas especiais características e debidamente xustificado, sexa aprobado pola vicerreitoría competente. Os fondos destinados a esta acción irán con cargo ás aplicacións orzamentarias e co importe máximo que se indica:

OUR1 211ECUL 22606 no campus de Ourense.
PON1 211ECUL 22606 no campus de Pontevedra.
00EU 211ECUL 22606 no campus de Vigo.

O importe máximo establecido será de 7.500€ para cada Campus.

4. DESENVOLVEMENTO DOS OBRADOIROS

A Universidade de Vigo xestiona e financia os custos de publicidade e difusión dos obradoiros aprobados ao abeiro da presente convocatoria.

Unha vez aprobada a oferta de obradoiros, especificarase o seu prazo de matrícula.

Finalizado o prazo de matrícula, un obradoiro poderá ser cancelado se non acada o 60 % do alumnado previsto, e/ou non dispón do financiamento que asegure que se vai realizar.

A Universidade de Vigo expedirá un diploma oficial, acreditativo da asistencia, a cada participante que seguise polo menos un 85% das actividades presenciais programadas. Ademais do nome e apelidos da persoa asistente e o título do obradoiro, indicarase o número de horas deste e os créditos de validación ou recoñecemento que lle corresponden ao obradoiro. Os coordinadores e coordinadoras, así como cada docente, recibirán da Universidade de Vigo a certificación oportuna.

Edificio Miralles
Campus Universitario s/n
36310 Vigo
España

5. EXCLUSIÓN

Quedan excluídos desta convocatoria:

- Os cursos de especialización, cursos de formación, cursos de posgrao e mestrados, así como calquera outra actividade formativa que non se axuste aos obxectivos e formato desta convocatoria.
- Os obradoiros solicitados por persoas que non sexan membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo.
- As actividades formativas que reciban financiamento de calquera outra das convocatorias da Universidade de Vigo.

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As persoas interesadas deberán encher o modelo oficial de solicitude que se atopa na secretaría virtual da Universidade de Vigo
https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/3588

A solicitude xunto cos documentos esixidos presentarase no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo ou en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administración públicas e deberán dirixirse á vicerreitoría do campus onte teña lugar a celebración do obradoiro.

O prazo de presentación de solicitudes remata o día **15 de xuño de 2018, ás 14:00 horas.**

As persoas solicitantes deberán acompañar a seguinte documentación no momento da presentación da solicitude:

- Datos do obradoiro (Anexo II).
- Currículo resumido do pesoal docente (Anexo III).
- Custo do persoal docente (Anexo IV).
- Orzamento estimado do obradoiro (Anexo V)
- No caso de contar con financiamento externo á Universidade de Vigo, achegarase a documentación acreditativa expedida pola(s) entidade(s) ou institución(s) correspondente(s), con indicación da contía económica concedida en cada un dos casos.

Ás persoas solicitantes tamén se lle poderán requirir que acheguen aqueloutros documentos que fosen precisos para aclarar os datos necesarios para o outorgamento da axuda.

Edificio Miralles
Campus Universitario s/n
36310 Vigo
España

7. SELECCIÓN

A Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes (no caso das solicitudes presentadas no campus de Vigo), o Consello de campus de Ourense ou o Consello de campus de Pontevedra (no caso das solicitudes presentadas nos respectivos Campus), avaliará todas as propostas recibidas e decidirá os obradoiros que se realizarán.

Para iso, a Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes ou Consello de Campus respectivo procederá á avaliación e selección de acordo cos seguintes criterios:

- Calidade do curso. Para avaliar a calidade do obradoiro terase en conta a calidade dos docentes e a calidade do programa. En relación coa calidade dos docentes, atenderase aos méritos alegados no CV de cada docente, valorando exclusivamente aqueles directamente relacionados co contido do obradoiro solicitado. A avaliación dos docentes farase sobre unha puntuación máxima de 5 puntos. En relación cos contidos, para obter unha avaliación superior a cero é necesario que o 50% do curso teña carácter práctico. A avaliación dos contidos farase sobre unha puntuación máxima de 5 puntos, outorgando unha puntuación proporcional á porcentaxe de contidos prácticos que presente o obradoiro. En todo caso, neste apartado será necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos para continuar o proceso de avaliación. As solicitudes que non obteñan este mínimo serán denegadas.

- Financiamento externo acadado. Outorgarase unha puntuación sobre un total de 10 puntos proporcional á porcentaxe de financiamento externo acadado sobre o importe total orzamentado. Así pois, a modo de exemplo, se o financiamento externo acadado representa o 10% do orzamento total de ingresos, corresponderíalle á solicitude 1 punto de valoración.

- Eficiencia financeira. Outorgarase unha puntuación sobre un total de 10 puntos inversamente proporcional á porcentaxe consignada nos orzamentos da axuda máxima que a Universidade de Vigo estableza na convocatoria para cada obradoiro de Extensión Universitaria. Así pois, a modo de exemplo, se se solicita o 10% corresponderíalle á solicitude 9 puntos de valoración.

- Novidade da proposta. Fomentarase a renovación dos obradoiros de Extensión Universitaria, de modo que se outorgará a máxima puntuación a aqueles obradoiros que se fagan por primeira vez, e se outorgará unha puntuación menor en función das edicións nas que se teña realizado con anterioridade o curso. Así, sendo a primeira edición, outorgarase unha puntuación de 3 puntos, sendo a segunda edición, 2,5 puntos, sendo a terceira, 2 puntos, sendo a cuarta edición 1,5 puntos, sendo a quinta edición, 1 punto, sendo a sexta ou sucesivas edicións, 0 puntos.

- Alineamento co programa de especialización do Campus.

A efectos de ordenar a oferta de obradoiros, deberán adscribir as solicitudes a algún dos seguintes ámbitos: saúde, formación artística, sustentabilidade, destrezas básicas.

Edificio Miralles
Campus Universitario s/n
36310 Vigo
España

Outorgarase un obradoiro por cada ámbito dos sinalados anteriormente, de existir solicitudes e dispoñibilidade orzamentaria.

A vicerreitoría de Extensión Universitaria e Estudantes ou as respectivas vicerreitorías de Campus poderán tomar a iniciativa da organización de obradoiros para cumprir os seus obxectivos e complementar os propostos pola comunidade universitaria. Neste caso, agardarase á resolución desta convocatoria para completar a devandita programación. Os obradoiros propostos polas Vicerreitorías poderanse encargar a persoas ou entidades alleas á Universidade. Non serán sometidos ao proceso de avaliación, bastando informar dos mesmos á Comisión de Extensión Universitaria ou ao Consello de Campus respectivo.

8. RELACIÓN DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS Á TRÁMITE

Rematado o proceso de selección, publicarase a resolución provisional coa listaxe dos obradoiros admitidos e excluídos, indicando, de ser o caso, os motivos de exclusión.

Darase **un prazo de cinco días hábiles**, que contarán dende o día seguinte á publicación, para emendar os erros, achegar a documentación requirida ou presentar as alegacións que consideren oportunas.

Unha vez finalizado o prazo, a Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes ou Consello de Campus correspondente, reunirase novamente, no caso de existir algunha alegación, e procederase posteriormente á publicación da resolución definitiva dos concedidos e excluídos xunto co seu motivo.

Calquera modificación para realizar os obradoiros aprobados deberá ser remitida por escrito para ser avaliada e aceptada polas Vicerreitorías competentes.

9. TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

En cumprimento do establecido na Lei Orgánica 15/1999 de Protección de datos de carácter persoal, de 13 de decembro, e Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consejo de 27 de abril de 2016, serán tratados pola Universidade de Vigo, quen é responsable, para o exercicio das funcións propias do servizo público de educación superior, reguladas na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da Universidade de Vigo.

Os seus datos serán recollidos, tratados e, de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: a xestión administrativa, a oferta e a prestación de servizos administrativos, a realización de estatísticas, avaliacións e enquisas, do seguimento dos servizos universitarios prestados.

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obrigatorio.

Edificio Miralles
Campus Universitario s/n
36310 Vigo
España

A base legal que legitima o tratamento é o seu consentimento expreso. Os seus datos serán mantidos mentres vostede queira que lle prestemos os nosos servizos, e sempre que non revogue o consentimento dado ou solicite cancelación / supresión dos seus datos ou oposición ao tratamento. Unha vez cancelada, os datos bloquearanse e almacenaranse durante 6 anos.

En calquera caso, ten dereito, en todo momento a acceder á información recollida e proporcionada por vostede, na nosa base de datos, rectificala se está mal, cancelar a solicitude, opoñerse ao seu tratamento, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos ante calquera reclamación ou dereito de defensa, así como solicitar a súa transferencia a outro responsable de tratamento, ante a Universidade de Vigo no seguinte enderezo: Edificio de Xerencia – Servizos Centrais, campus Universitario, s/n 36310 Vigo (Pontevedra), de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Universidade Vigo
Servizo de Xestión da Extensión Universitaria
Edificio Miralles
Campus Universitario s/n
36310 Vigo
España

ANEXO I (Impreso de solicitude)

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ORGANIZAR OS OBRADOIROS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO CURSO 2018/2019

I. CAMPUS E TÍTULO DO OBRADOIRO

Campus
Título do obradoiro:

Para uso exclusivo do persoal da Vicerreitoría
Código do obradoiro:
Observacións:

II. DATOS XERAIS DO OBRADOIRO

Ambito (seleccionar o tipo de ámbito)		Saúde
		Formación artística
		Sustentabilidade
		Destrezas básicas
Novidade da proposta: ¿Ofértase por primeira vez? SI NON Se a resposta é negativa indicar cantas edicións :		
Duración do obradoiro en horas lectivas:		
Prezo da matrícula completa (non superior a 6 € por hora de clase):		
Observacións (indica se lle corresponde por convenio redución no prezo da matrícula a persoas que non sexan membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo):		

NO A EFECTOS INFORMATIVOS

Edificio Miralles
Campus Universitario s/n
36310 Vigo
España

III. DIRECCIÓN DO OBRADOIRO

Nome:	DNI/NIF:
Centro de traballo:	
Enderezo postal:	
Teléfono (s):	Enderezo- e:

IV. DATOS DE FUNCIONAMENTO

Número de estudantes previsto (máximo 40):
Límite de prazas (igual ou superior ao número de alumnos previsto):
Requisitos de inscrición, se é o caso:
Lugar de celebración (aula con indicación do aforamento, centro e localidade):
Datas de celebración:
Horario:

V. DECLARACIÓN RESPONSABLE

A persoa abaixo asinante manifesta:
- Que todos os datos da solicitude e documentos achegados para a convocatoria de axudas para organizar os obradoiros de extensión Universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso 2018/2019 son certos e se compromete a achegar os documentos que así o acrediten.
- Que coñece e entende todos os termos da convocatoria, onde se expresa, tamén, que a ocultación ou falsidade de documentos leva consigo a perda de todo dereito para presentarse a esta convocatoria.

SEN AFECTOS INFORMATIVOS

Edificio Miralles
Campus Universitario s/n
36310 Vigo
España

VI. PRESENTACIÓN

Este impreso débese asinar e presentar nos Rexistros da Universidade de Vigo ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas, achegando a seguinte documentación:

- Datos do obradoiro (Anexo II).
- Currículo resumido do persoal docente (Anexo III).
- Custo do persoal docente (Anexo IV).
- Orzamento estimado (Anexo V).
- No caso de contar con financiamento externo á Universidade de Vigo, achegarase a documentación acreditativa expedida pola(s) entidade(s) ou institución(s) correspondente(s), con indicación da contía económica concedida en cada un dos casos.

En ....., ... de ..... de 2018

Sinatura:

(nome e apelidos da persoa que leva a dirección do obradoiro)

SO A EFECTOS INFORMATIVOS

Edificio Miralles
Campus Universitario s/n
36310 Vigo
España

ANEXO II

A	DATOS DO OBRADOIRO

OBXECTIVOS DO OBRADOIRO, TEMÁTICA, MÉTODOS E RESURSOS E PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

Edificio Miralles
Campus Universitario s/n
36310 Vigo
España

PROGRAMA DO OBRADOIRO (empréguense táboas como a seguinte e indíquese o día, hora, conferencia, relator/a e outras actividades):

Día:	
Hora:	Título do relatorio
	Nome do docente (cargo ou universidade á que pertence)
Hora:	
Hora:	
Hora:	
Hora:	
Hora:	
Hora:	

Día:	
Hora:	
Hora:	
Hora:	
Hora:	
Hora:	
Hora:	

Día:	
Hora:	
Hora:	
Hora:	
Hora:	
Hora:	
Hora:	

Edificio Miralles
Campus Universitario s/n
36310 Vigo
España

ANEXO III

B	CURRÍCULO RESUMIDO DO PERSOAL DOCENTE

Docente 1

Docente 2

Edificio Miralles
Campus Universitario s/n
36310 Vigo
España

Docente 3

Docente 4

Edificio Miralles
Campus Universitario s/n
36310 Vigo
España

ANEXO IV

C	CUSTO DO PERSOAL DOCENTE

Docente 1		Docente 2	
Nome:		Nome:	
DNI/NIF:		DNI/NIF:	
1.1.Remuneración:		2.1.Remuneración:	
1.2. Aloxamento:		2.2. Aloxamento:	
1.3. Manutención:		2.3. Manutención:	
1.4. Gastos de viaxe:		2.4. Gastos de viaxe:	

Docente 3		Docente 4	
Nome:		Nome:	
DNI/NIF:		DNI/NIF:	
3.1.Remuneración:		4.1.Remuneración:	
3.2. Aloxamento:		4.2. Aloxamento:	
3.3. Manutención:		4.3. Manutención:	
3.4. Gastos de viaxe:		4.4. Gastos de viaxe:	

Documentación que se achega:		
Documentación acreditativa do financiamento externo (de ser o caso):		
- Entidade/Institución:	Si ☐	Non ☐
- Entidade/Institución:	Si ☐	Non ☐
- Entidade/Institución:	Si ☐	Non ☐
- Entidade/Institución:	Si ☐	Non ☐
- Entidade/Institución:	Si ☐	Non ☐

Edificio Miralles
Campus Universitario s/n
36310 Vigo
España

ANEXO V

D	ORZAMENTO ESTIMADO

I. INGRESOS	
I.1 Ingresos estimados por matrículas 0,75 x nº de alumnos previsto x 0,825 x prezo matrícula completa	
I.2 Financiamento externo á Universidade de Vigo (indicar entidade e contía)	
-	
-	
-	
-	
-	
I.3 Contribución da Universidade de Vigo (máximo de 1250 euros)	
TOTAL INGRESOS*	

II. GASTOS	
II.1 Remuneracións persoal docente	
II.2 Aloxamento	
II.3 Manutención	
II.4 Gastos viaxe	
II.5 Outros gastos (especificar concepto e importe)	
-	
-	
-	
-	
-	
TOTAL GASTOS*	

* O orzamento total de gastos deberá coincidir co total dos ingresos.

En ....., ... de ..... de 2018

O/a Coordinador/a

Asdo.: